

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

A materia de Bioloxía e Xeoloxía da etapa da educación secundaria obrigatoria busca o desenvolvemento da curiosidade e a actitude crítica, así como o reforzo das bases da alfabetización científica, que lle permita ao alumnado coñecer o seu propio corpo e a súa contorna para adoptar hábitos que lle axuden a manter e a mellorar a súa saúde e cultivar actitudes, como o consumo responsable, o coidado medioambiental, o respecto cara a outros seres vivos ou a valoración do compromiso cidadán co ben común.

A adquisición e o desenvolvemento destes coñecementos e destrezas permitiránlle ao alumnado valorar o papel fundamental da ciencia na sociedade. Outro dos aspectos esenciais desta materia é o estudo e a análise científica e afectiva da sexualidade, a través dos cales o alumnado poderá comprender a importancia das prácticas sexuais responsables e desenvolver rexeitamento cara a actitudes de discriminación baseadas no xénero ou na identidade sexual. Así mesmo, a materia de Bioloxía e Xeoloxía persegue impulsar, especialmente entre as alumnas, as vocacións científicas. A través desta materia, consolídanse tamén os hábitos de estudo, fóméntase o respecto, a solidariedade e o traballo en equipo e promóvese o perfeccionamento lingüístico, ao ser a cooperación e a comunicación parte esencial das metodoloxías de traballo científico. Ademais, animarase o alumnado a utilizar diferentes formatos e vías para comunicarse e cooperar, destacando entre estes os espazos virtuais de traballo. O traballo grupal será unha ferramenta para a integración social de persoas diversas que tamén se fomentará no ámbito da materia de Bioloxía e Xeoloxía.

A natureza científica desta materia contribúe a espertar no alumnado o espírito creativo e emprendedor, que é a esencia mesma de todas as ciencias. A investigación mediante a observación de campo, a experimentación e a busca en diferentes fontes para resolver cuestións ou contrastar hipóteses de forma tanto individual como cooperativa son elementos constituíntes deste currículo. As principais fontes fiables de información son accesibles a través de Internet, onde conviven con informacións incompletas ou falsas, polo que en Bioloxía e Xeoloxía se fomentará o uso responsable e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación dentro do contexto das materias.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO estrutúrase en 6 bloques.

O bloque 1 Proxecto científico introduce o alumnado no pensamento e métodos científicos: a formulación de preguntas e hipóteses, a observación, o deseño e a realización de experimentos, a análise e a comunicación de resultados.

O bloque 2 A célula estuda a célula como unidade fundamental de todos os seres vivos, as técnicas de manexo do microscopio e a identificación dos virus como entidades biolóxicas acelulares.

O bloque 3 Seres vivos estuda as características e grupos taxonómicos máis importantes dos cinco reinos de seres vivos, así como a identificación de exemplares da contorna e introduce a evolución, co fin de que o alumnado perciba os seres vivos como organismos cambiantes e non estáticos.

O Bloque 4 A xeosfera introducen o alumnado na identificación de rochas e minerais da contorna e na tectónica de placas, por tratarse da teoría máis amplamente aceptada pola comunidade científica, para explicar practicamente todos os procesos xeolóxicos internos. Ademais, traballárase a relación dos procesos xeolóxicos cos riscos naturais.

O Bloque 5 A atmosfera e a hidrosfera estuda as capas fluídas, concretamente a súa dinámica, as súas interaccións cos demais subsistemas terrestres e os impactos antrópicos, propicia unha visión integral do funcionamento do noso planeta e a súa importancia para a existencia da vida na Terra.

O bloque 6 Ecoloxía e sostibilidade estuda o concepto de ecosistema, os ecosistemas da contorna, a relación entre os seus elementos integrantes, a importancia da súa conservación e da implantación dun modelo de desenvolvemento sostible e a análise de problemas ambientais, como o quecemento global.

Contexto

O IES Ramón Menéndez Pidal é un centro público de ESO, Bacharelato e FP, con uns 800 alumnos-as. Está situado no zona de Zalaeta da cidade de A Coruña e ten alumnado desta zona e da zona de Montealto.

Moi próximo ao centro se atopa á praia, os museos científicos A Domus e o Acuariúm, o museo de arte, a escola municipal de música, unha biblioteca municipal ... O que permite que se poidan aproveitar todas estas instalacións e espazos para enriquecer o proceso educativo.

O centro contacta un club de ciencias e tecnoloxía, Zalatecno, e un club de letras.

Dende o Club de ciencias se organizan actividades cun marcado carácter transversal e colaborativo, con proxectos nos que participan áreas tan diversas como música, linguas, cultura clásica, bioloxía, tecnoloxía....

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía está composto por 3 profesores e neste, curso 2023-24, hai 4 grupos de 1º de ESO duns 30 alumnos.

As aulas ten a seguinte dotación: ordenador, conexión a internet, proxector, pantalla dixital, altofalantes e encerado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra e a paisaxe	1. O planeta Terra 2. O sistema Terra-Lúa 3. Os compoñentes e o relevo da Terra 4. A paisaxe 5. Os riscos naturais e a actividade humana	10	11	X		
2	A xeosfera	1. A Terra por dentro 2. Os minerais 3. A orixe das rochas 4. As rochas e a súa utilidade 5. O uso responsable dos recursos minerais	10	11	X		
3	A atmosfera e a hidrosfera	1. A atmosfera 2. As funcións da atmosfera 3. A contaminación atmosférica 4. A hidrosfera 5. Os usos da auga e as súas consecuencias 6. A xestión sostible da auga	10	11	X		
4	A biosfera	1. Os seres vivos 2. As células 3. As funcións vitais 4. A clasificación dos seres vivos 5. Os cinco reinos	10	11		X	
5	Os reinos Moneras, Protistas e Fungos	1. Os microorganismos 2. O reino Moneras 3. O reino Protistas 4. O reino Fungos 5. Os virus	10	11		X	
6	O reino das plantas	1. Características das plantas 2. As funcións vitais das plantas 3. As plantas sen sementes 4. As plantas con sementes 5. A importancia das plantas	10	11		X	
7	Os animais invertebrados	1. Os animais invertebrados 2. Os poríferos 3. Os cnidarios 4. Os vermes 5. Os moluscos 6. Os artrópodos 7. Os equinodermos	10	11			X
8	Os animais vertebrados	1. Os animais vertebrados 2. Os peixes 3. Os anfibios 4. Os réptiles 5. As aves 6. Os mamíferos	10	11			X
9	Os ecosistemas	1. Os compoñentes do ecosistema 2. Os factores do ecosistema 3. Os ecosistemas terrestres 4. Os ecosistemas acuáticos 5. O solo como ecosistema 6. Alteracións dos ecosistemas	5	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Os ecosistemas	7. A conservación dos ecosistemas	5	6			X
10	O ser humano e o medio ambiente	1. O medio ambiente e os seus recursos 2. Os impactos ambientais 3. O quecemento global 4. A crise ambiental do planeta 5. Os residuos, un impacto en aumento 6. O desenvolvemento sostible 7. Medidas de sostibilidade 8. A economía circular	5	6			X
11	O proxecto científico	O método científico O laboratorio. Normas de seguridade	10	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra e a paisaxe	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	Explica as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	PE	100
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	Relaciona o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos		
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Analiza a paisaxe e a relaciona cos riscos naturais e coa actividade humana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable.</li> <li>- Introducción á teoría da tectónica de placas.</li> <li>- A litosfera e o movemento das placas.</li> <li>- Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas.</li> <li>- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A xeosfera	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	Identifica minerais utilizando criterios que permitan diferencialos	PE	100
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	Recoñeze rochas utilizando criterios que permitan diferenciais		
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localiza minerais e rochas da contorna.		
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Valora a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais		
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os minerais: características, propiedades e clasificación.</li> <li>- As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas.</li> <li>- Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna.</li> <li>- Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá.</li> <li>- Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia.</li> <li>- Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A atmosfera e a hidrosfera	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Relaciona a deterioración ambiental con accións humanas, e propón hábitos que contribúan á súa solución.	PE	95
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera Analiza as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.		
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	Recoñece as propiedades da auga esenciais para o mantemento da vida na Terra. Describe o ciclo da auga		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Recoñece os problemas de contaminación da atmosfera e da hidrosfera en relación coas actividades humanas.		
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Explica procesos biolóxicos e xeolóxicos relacionados coa atmosfera e a hidrosfera	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A atmosfera. Composición e estrutura.</li> <li>- Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica.</li> <li>- O cambio climático.</li> <li>- A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga.</li> <li>- Importancia da auga para os seres vivos.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A biosfera	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Trasmite e comprende información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos e utiliza terminoloxía e formatos adecuados	PE	100
CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	Diferencia a materia viva da inerte indicando as características da materia viva.		
CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	Describe a célula como unidade básica dos seres vivos. Recoñece a súa estrutura e funcións.		
CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	Identifica e compara a célula procariota e eucariota, a célula animal e vexetal.		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describe as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico e usa claves para a súa identificación		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concepto de ser vivo.</li> <li>- A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos.</li> <li>- Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas.</li> <li>- Funcións vitais:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nutrición: autótrofa e heterótrofa. A fotosíntese.</li> <li>- Relación.</li> <li>- Reprodución: sexual e asexual.</li> </ul> </li> <li>- Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas.</li> <li>- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.</li> <li>- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas</li> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).</li> <li>- O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Os reinos Moneras, Protistas e Fungos	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	Identifica os os virus como entidades biolóxicas acelulares e recoñece a súa importancia.	PE	100
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describe as características xerais e singulares dos Reinos Moneras, Protocistas, Fungi e a recoñece a súa importancia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formas acelulares: os virus.</li> <li>- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.</li> <li>- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas</li> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	O reino das plantas	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Coñece os criterios que permiten distinguir os principais grupos de plantas. Clasifica e identifica plantas a partir de claves de identificación.s	PE	100
CA3.3.1. - .Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas	Coñece e define as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracteriza os principais grupos de plantas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas</li> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Os animais invertebrados	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Coñece os criterios que permiten distinguir os principais grupos de invertebrados. Clasifica e identifica invertebrados a partir de claves de identificación.	PE	100
CA3.3.2. - .Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados	Coñece as características e a importancia dos principais grupos de invertebrados.		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas</li> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Os animais vertebrados	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Coñece os criterios que permiten distinguir os principais grupos de vertebrados. Clasifica e identifica vertebrados a partir de claves de identificación.	PE	100
CA3.3.2. - .Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados	Coñece as características e a importancia dos principais grupos de vertebrados.		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas</li> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Os ecosistemas	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Relaciona co proceso evolutivo e coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas .	PE	100
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Recoñece o solo como un ecosistema resultado da interacción da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera .		
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Identifica os compoñentes dun ecosistema e as súas relacións.		
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Identifica as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos . Identifica ecosistemas galegos		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu¿).</li> <li>- O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.</li> <li>- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.</li> <li>- Os ecosistemas:</li> <li>- Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.</li> <li>- Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.</li> <li>- Exemplos da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	O ser humano e o medio ambiente	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Recoñece os problemas de contaminación da hidrosfera e a atmosfera , en relación coas actividades humanas	PE	80
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Comprende o significado de desenvolvemento sostible.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Enumera medidas concretas para una xestión sostible.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analiza un problema medioambiental e indica solucións.	TI	20
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñece a información con base científica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A atmosfera. Composición e estrutura.</li> <li>- O cambio climático.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.</li> <li>- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.</li> <li>- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	O proxecto científico	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explica conceptos científicos interpretando a información contida en diversos formatos	TI	100
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Localiza, selecciona a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Aplica as destrezas propias do método científico.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Identifica información científica para formar unha opinión propia		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Desenvolve con autonomía o traballo experimental, utilizando material básico de laboratorio, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Utiliza as TIC para a elaboración e a presentación das súas investigacións		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valora a labor das mulleres na ciencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> <li>- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.</li> <li>- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para o desenvolvemento desta materia, seguirase a seguinte metodoloxía:

As sesións teóricas intercalaranse con sesións de resolución de cuestións e problemas, con lecturas de diversos textos relacionadas cos contidos que se vaian tratando, con sesións de repaso mediante presentacións de PowerPoint, e co manexo de diversas páxinas web.

Para o desenvolvemento desta materia, seguirase a seguinte metodoloxía:

Intentarase achegar os contidos á realidade próxima do alumnado, mediante exemplos relacionados coa vida cotiá e a realización de prácticas de laboratorio (cando sexa posible), nas que se empreguen, materiais e reactivos dispoñibles no laboratorio do centro ou caseiros.

Apostarase por unha metodoloxía activa e participativa centrada no interese do alumnado realizando un seguimento o máis personalizado posible.

##### DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.

- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

#### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

As actividades de aprendizaxe deseñaranse tendo en conta o seguinte:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurala construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si solos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido e desperten a curiosidade dos alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras.
- Propoñer actividades de reforzo ou afondamento segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptalo ritmo de introducción de novos contidos.

Na medida que a natureza da tarefa o permita, organizaranse grupos cooperativos, facendo depender a avaliación de cada compoñente dos resultados obtidos por grupo.

#### CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lecturas de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro da/o alumna/o.

Así mesmo, contribuírse ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos: libro de texto, xornais, revistas científicas, Libros de lectura e de consulta sobre os distintos temas tratados. material fotocopiable como esquemas mudos, e táboas para cubrir e gráficas para interpretar .
Materiais visuais e TIC: pizarra e proxector para as explicacións, vídeos, navegación por Internet para a procura de información, presentacións de PowerPoint e realización de actividades con ferramentas tecnolóxicas didácticas
Laboratorio de ciencias, aula de ordenadores, biblioteca do centro e espazos fora do centro onde terán lugar as posibles actividades complementarias e extraescolares.

As clases se impartiran nun aula do grupo equipada cun encerado tradicional, ordenador , internet, canón de video e pizarra dixital.

O alumnado ten pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución, e dun grupo de mesas para o traballo en grupal.

O traballo diario do alumnado na aula quedará reflexado no caderno da/do alumna/o que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

O libro de texto é: 1º ESO Biología e Xeoloxía Construindo mundos. 2022 Santillana 978-84-9185-422-7

Para impartir as áreas e as materias correspondentes e este departamento contamos cos seguintes recursos:

- Material audiovisual sobre distintos temas científicos.
- Debido ao número elevado da ratio de alumnos (así coma as necesidades especiais destes) e que non hai profesor de laboratorio para o desdobre éste ano non se usará o Laboratorio, si poderase usar na clase parte do material de laboratorio necesario para desenvolver as prácticas , xa que esta é unha disciplina eminentemente experimental.
- Libros de lectura e de consulta sobre os distintos temas tratados.
- Periódicos e revistas (publicacións de carácter xeral e científicas) que traten de temas de actualidade.



Para as actividades complementarias e extraescolares utilizaremos os seguintes recursos:

- Biblioteca, salón de actos, etc.
- Recursos do entorno.
- Recursos naturais, xa que a nosa disciplina consiste no estudo deste entorno natural
- Recursos ofertados por distintas empresas e institucións: museos, centros de interpretación da Natureza, potabilizadora de augas, itinerarios na natureza...

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O deseño e realización da avaliación inicial ostenta un carácter prescriptivo na Educación Secundaria Obrigatoria. A finalidade da avaliación inicial é verificar a adecuación do proceso de ensinanza ás características e necesidades educativas do alumnado e realizar as melloras pertinentes na actuación docente cun carácter continuo e formativo. Por ésto debe de ser una avaliación reflexiva e sistemática que permita tomar decisións para mellorar o proceso de ensinanza aprendizaxe e verificar a súa adecuación ás necesidades educativas do alumnado.

Na avaliación inicial do alumnado terase en conta: unha proba de avaliación inicial que será realizada na primeira semana do curso, a actitude do alumnos a súa relación cos compañeiros e a información proporcionado polo Departamento de Orientación.

As probas de avaliación inicial deseñaranse a través de preguntas que permitan identificar con claridade problemas de aprendizaxe dos nosos alumnos e avaliar, non tanto que recordan ou non de etapas anteriores, senón o seu nivel competencial con contidos da nosa disciplina. Tamén se terá en conta, na valoración da proba, aspectos como as faltas de ortografía e a presentación.

A avaliación das capacidades e coñecementos co que contan o alumnado, servira de base ao profesorado para establecer o punto de partida, abordar o proceso educativo con garantías, prever e anticipar axustes individuais e subsanar retrasos escolares.

A avaliación inicial permitirá adecuar os contidos e a metodoloxía as capacidades e coñecementos previos de cada alumno mediante a aplicación das medidas de atención a diversidade que constan no punto seguinte desta programación.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	95	100	100	100	100	100	100	80
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	5	0	0	0	0	0	0	20

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	<b>88</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	<b>12</b>

### **Criterios de cualificación:**

O instrumento de cualificación "proba escrita" non é sinónimo de exame, este departamento considera tamén proba escrita: o caderno de traballo do alumnado, fichas, informes, cuestionarios de prácticas e outras producións escritas do alumnado que o profesorado recolle para a súa avaliación.

No proceso de avaliación teranse en conta as seguintes consideracións:

-O proceso de avaliación debe ter por obxecto tanto a aprendizaxe dos alumnos como o proceso mesmo do ensino.  
-Nunca o proceso de ensinanza e aprendizaxe estará en función da avaliación, para o que esta non debe entenderse como sinónimo de exame, senón como un proceso integrado no quefacer diario da aula.

Para avaliar ós alumnos recolleremos información a través de distintos elementos, entre os que destacarán os seguintes apartados:

1- Observación directa do alumnado, tendo en conta os seguintes aspectos:

-Interese do alumnado no traballo

-Hábitos no traballo, observando se trata de resolver as cuestións prantexadas ou simplemente espera a que outros as resolvan.

-Participación activa nas clases.

-Colaboración e cooperación cós compañeiro e profesor.

-Terase en conta tamén se o alumnado dispón do material necesario para realizar as actividades (libro, libreta, bolígrafo...)

2- Caderno de traballo do alumnado. Pódese esixir segundo das características do alumnado. No mesmo quedarán reflectidas tódalas actividades das unidades didácticas indicadas pólo profesorado, e valoraranse os seguintes aspectos:

-Pulcritude e orde nas anotacións realizadas.

-Realización das actividades indicadas pólo profesor e anotación das correccións realizadas na aula

-No caso de actividades que supoñan unha posta en común comprobarase se existe correspondencia entre as conclusións as que se chegou no debate e as anotacións realizadas.

-Entrega nas datas sinaladas.

3- Informes. Ó longo de algunhas unidades, pódese pedir o alumnado que realice e entregue ou expoña informes, neles valoraranse os seguintes aspectos:

-Expresión escrita e oral.

-Pulcritude e orde na presentación.

-Capacidade de emprego de fontes de información bibliográfica.

-Entrega nas datas sinaladas

4 -Traballo práctico, persoal ou en grupo, realizado na aula, no laboratorio ou na casa (esquemas mudos, interpretación de mapas e gráficas...)

5- Exames. A importancia destes baséanse en que:

-Se valorará a correcta comprensión dos conceptos estudados.

-Capacidade de utilización de estratexias na resolución de problemas

-Capacidade de aplicación dos conceptos estudados na explicación dos fenómenos do seu entorno.

Criterios de cualificación:

1. Na avaliación do alumnado teranse en conta os cinco apartados sinalados. En cada avaliación a cualificación obterase:

Nas dúas primeiras avaliacións, a nota dos exames calcularase como o 80% da nota da avaliación; realizándose como mínimo dous exames e precisarase nos mesmos a cualificación de cada pregunta.

Observación directa e caderno de traballo 10%; tendo en conta os aspectos sinalados no apartado 1 e 2 a observación directa do alumnado se cualificará de 0 a 1 punto.

Anotacións diarias, traballos prácticos ou informes 10%; tendo en conta os aspectos sinalados no apartado 3 e 4 o traballo práctico e informes se cualificará de 0 a 1 punto.

Na terceira avaliación, a elaboración e presentación dun proxecto (herbario, informe científico, etc.) constituirá o 20 % da cualificación, deixándose un 10 % restante ao caderno e anotacións diarias conxuntamente. A media aritmética dos exames, nesta avaliación unicamente, valorarase un 70 %, para darlle máis peso ao proxecto.

Sen menoscabo do especificado nas probas de recuperación, a nota final do curso calcularase realizando a media das tres avaliacións conforme o anteriormente disposto.

2. O alumnado que non aproben unha avaliación farán un exame de recuperación na seguinte avaliación que será cualificado de 0 a 10 puntos.

O alumnado que ao longo do curso non aprobe terán un exame final no que poderá recuperar a parte da materia suspensa. Este exame versará sobre os mínimos de consecución.

3. Este departamento toma como criterio que: cando a nota media da avaliación sexa decimal, otorgarase o número enteiro inmediatamente superior ao supera-las cinco décimas, así por exemplo, unha nota igual ou superior a 6,5 será

cualificada como 7. Este criterio aplicarase con cualificación iguais ou superiores a 5.

4. O alumnado que non se presenten ós exames, prácticas propostas polo Departamento serán cualificados coa mínima nota que autorice a lexislación, agás dos que:

-Padezan doenza de tipo físico ou psíquico, aportando xustificación médica oficial (non son válidos os impresos de citación ou os prescrición farmacolóxica)

-Imprevistos que teñan que atenderse de xeito inescusable por coincidir coa data do exame (O Departamento determinará en cada caso, por maioría dos seus membros, que imprevistos son xustificables )

5. O alumnado que copie, altere, ou extravíe un exame, traballo:

-Será cualificado coa mínima nota que autorice a lexislación

-Terá que superar as probas específicas que se determinen, respectando sempre s contidos, criterios de avaliación, mínimos de consecución e obxectivos da programación, as probas poderán ser orais e ou escritas

### **Criterios de recuperación:**

Deben acadarse os mínimos da materia para aprobar unha avaliación. O alumnado que non aprobe unha avaliación farán un exame de recuperación na seguinte avaliación que será cualificado de 0 a 10 puntos.

As familias serán informadas da cualificación de cada avaliación co boletín de notas e por "abalar". Das notas das recuperacións se informará aos titores.

O alumnado que ao longo do curso non aproben terán un exame final no que poderá recuperar a parte da materia suspensa. Este exame versará sobre os mínimos de consecución.

Ao longo do curso o profesorado recollerá información para a elaboración do informe do alumnado de final do curso.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas**

CURSO 23-24

Plan de reforzo do alumnado coa materia de bioloxía e xeoloxía 1º ESO non superada

a) Identificación do alumno.....

b) Información relevante sobre a materia non superadas.

Para aquel alumnado coa asignatura suspensa realizaranse actividades e probas que permitan, si é o caso, recuperala mesma. O alumnado terán o seu dispor, a relación de contidos sobre os que versarán as probas, así como actividades de reforzo para chegar a aprobar a asignatura. As probas escritas serán sobre os contidos e mínimos de consecución sinalados nas unidades temáticas.

A todo o alumnado se lle dará fotocopia cos contidos mínimos dos temas que ten que estudar para cada exame e das actividades que deberán realizar e presentar no día do exame.

A materia e dividirase en dúas partes:

1ª parte: Temas: 1,2,3 e 4.

2ª parte: Temas: 5,6,7, 8 e 9

c) Currículo que se vai desenvolver, especificando os criterios de avaliación.

contidos

1º parte

UNIDADE 1. A Terra e a paisaxe

- 1.O planeta Terra
- 2. O sistema Terra-Lúa
- 3. Os compoñentes e o relevo da Terra

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable. Explica as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.

CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas. Relaciona o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos

CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas. Analiza a paisaxe e a relaciona cos riscos naturais e coa actividade humana.

**UNIDADE 2. A xeosfera.**

- 1. A Terra por dentro
- 2. Os minerais
- 3. A orixe das rochas.

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.

Identifica minerais utilizando criterios que permitan diferenciarlos

CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman. Recoñece rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlas

CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen.

**UNIDADE 3. A atmosfera e hidrosfera**

- 1. A atmosfera
- 2. As funcións da atmosfera
- 3. A contaminación atmosférica
- 4. A hidrosfera
- 5. Os usos da auga e as súas consecuencias
- 6. A xestión sostible da auga2 A composición da atmosfera actual.

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera Analiza as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.

CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga. Recoñece as propiedades da auga esenciais para o mantemento da vida na Terra. Describe o ciclo da auga

CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio. Recoñece os problemas de contaminación da atmosfera e da hidrosfera en relación coas actividades humanas.

**UNIDADE 4. A biosfera**

- 1. Os seres vivos
- 2. As células
- 3. As funcións vitais
- 4. A clasificación dos seres vivos
- 5. Os cinco reinos

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte. Diferencia a materia viva da inerte idicandoas características da materia viva.

CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais. Describe a célula como unidade básica dos seres vivos. Recoñece a súa estrutura e funcións.

CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación. Identifica e comparaa célula procariota e eucariota, a célula animal e vexetal.

CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos. Describe as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico e usa claves para a súa identificación

**2º parte**
**UNIDADE 5. Os Moneras, Protistas e Fungos**

- 2. O reino Moneras
- 3. O reino Protistas
- 4. O reino Fungos
- 5. Os virus

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares. Identifica os os virus como entidades biolóxicas

acelulares e recoñece a súa importancia.

CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos. Describe as características xerais e singulares dos Reinos Moneras, Protocistas, Fungi e a recoñece a súa importancia.

#### UNIDADE 6. O reino Plantas

- 1. Características das plantas
- 2. As funcións vitais das plantas
- 3. As plantas sen sementes
- 4. As plantas con sementes

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen as plantas máis comúns. Coñece os criterios que permiten distinguir os principais grupos de plantas. Clasifica e identifica plantas a partir de claves de identificación.

CA3.3.1. - .Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas Coñece e define as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracteriza os principais grupos de plantas.

#### UNIDADE 7. Os animais invertebrados

- 1 Os animais invertebrados.

Identifica as características dos distintos grupos de invertebrados e asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.

- 2 Poríferos
- 3 Cnidarios.
- 3 Vermes.
- 4 Moluscos.
- 5 Artrópodos.
- 6 Equinodermos.

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais invertebrados máis comúns. Coñece os criterios que permiten distinguir os principais grupos de invertebrados. Clasifica e identifica invertebrados a partir de claves de identificación.

CA3.3.2. - .Caracterizar os principais grupos de invertebrados. Coñece as características e a importancia dos principais grupos de invertebrados

#### UNIDADE 8. Os animais vertebrados

- 1 Os animais vertebrados.

Describe as características principais dos animais vertebrados e recoñece exemplares de vertebrados, e asígnalos á clase á que pertencen

- 2 Os peixes.
- 3 Os anfibios.
- 4 Os réptiles.
- 5 As aves.
- 6 Os mamíferos

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais vertebrados máis comúns. Coñece os criterios que permiten distinguir os principais grupos de vertebrados. Clasifica e identifica invertebrados a partir de claves de identificación.

CA3.3.2. - .Caracterizar os principais grupos de invertebrados. Coñece as características e a importancia dos principais grupos de vertebrados

#### UNIDADE 9. Os ecosistemas

- 1. Os compoñentes do ecosistema

## 2. Os factores do ecosistema

Criterios de avaliación. Mínimos de consecución

CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles. Identifica os compoñentes dun ecosistema e as súas relacións.

d) Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.

A asignatura de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO non ten continuidade en 2º ESO.

A Xefa do departamento encargase do plan de reforzo do alumnado coa materia non superada e o poñera en coñecemento do profesorado titor. Proporcionara os boletíns de actividades e supervisará que o alumnado dispoña de libros de texto.

As actividades propostas no boletín deseñaranse tendo en conta os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Estas poderán resolverse consultando o libro de texto e prepararán ao alumnado para a proba escrita.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

Boletín de actividades facilitado polo profesor en cada avaliación.

Libro de texto: 1ºESO- Bioloxía e Xeoloxía – editorial Santillana 2022

f) Tarefas a realizar, coa debida temporalidade.

O alumno/a deberá presentar o día do exame un traballo consistente nun boletín de actividades que será facilitado polo profesor encargado dos alumnos pendentes, este suporá un 20% da nota o 80% restante será a proba escrita.

Durante o curso haberá tres exames:

Exame 1: Temas 1,2,3 e 4. Data: martes .. de novembro as 17,5 h.

Exame 2: Temas 5,6, 7, 8 e 9 Data: martes .. de febreiro as 17,5 h.

Exame 3: se algunha parte non está superada, o alumno/a poderá presentarse a un exame final con esa parte da materia ou coa totalidade no caso de suspender as dúas . Data: martes .. de maio as 17,50 h.

Os exames serán as 17,50 h do martes na aula de 2º ESO B.

As datas dos exames serán coordinadas coa Xefatura de Estudos.

g) Seguimento e avaliación.

A resolución de dúbidas sobre as tarefas farase nos recreos. A comunicación tamén pode establecerse por e-mail no correo [almudenaj@Zzalaeta.gal](mailto:almudenaj@Zzalaeta.gal)

A cualificación de cada avaliación obterase:

As actividades de reforzo 20% ; as actividades entregadas serán cualificadas de 0 a 2 puntos.

A proba escrita 80% ; a proba se cualificarán de 0 a 8 puntos e se precisará nas mesmas a cualificación de cada pregunta.

h) Acreditación da información á familia.

As familias serán informadas a través dos titores e coas cualificacións das avaliación.

O contacto coas familias será na hora de atención a país e mediante o correo [almudenaj@zalaeta.gal](mailto:almudenaj@zalaeta.gal)

## 6. Medidas de atención á diversidade

Referencia: ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Medidas a levar a cabo na materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1ºESO en función do perfil do alumnado:

a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditalo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Para o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Para este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten , estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofreceráselle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.

- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigorosamente ao profesorado titor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta



complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integraranse as áreas de intereses deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Propóranselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.

- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.

- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Espresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X			X	X		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X				
ET.7 - Educación emocional e en valores e creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde			X		X			
ET.9 - Formación estética	X			X				
ET.10 - Educación para a igualdade de xénero e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X



	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Espresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores e creatividade	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde		X	X
ET.9 - Formación estética	X		X
ET.10 - Educación para a igualdade de xénero e a cooperación entre iguais.	X	X	X

#### Observacións:

Os temas transversais atópanse insertos no desenvolvemento das unidades didácticas e están relacionados directamente coas actividades que se desprenden dos contidos, cos traballos de investigación que se propoñen e coas actividades complementarias e extrascolares.

O noso centro conta cun club de Ciencia e Tecnoloxía ZalaTecno que ten un marcado carácter transversal e colaborativo, con proxectos nos que participan áreas tan diversas como música, linguas, cultura clásica ,bioloxía, tecnoloxía....

O alumnado de 1º ESO participa en actividades do club de ciencias como:

Colaboracións con colexios de Educación Especial, co CEE MªMariño ten un proxecto de xardinería e vivirismo o que permite ao noso alumnado participar activamente na mellora do noso entorno e integrar a diversidade.

A Semana 11F de visualización da nena e da muller na Ciencia e Tecnoloxía.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita aos museos científicos da cidade.	Visita ao planetario da Casa das Ciencias , Visita a Domus.,Visita ao Acuarium			
Xardinería e viverismo	Colaboracións co grupo de Xardinería de Fp adaptada de CEE Mª Mariño.			
Divulgación mulleres STEAM.	Participa na Semana 11F de visualización da nena e da muller na Ciencia e Tecnoloxía.			
Astronomía	Colaboración coa Agrupación Astronómica coruñesa IO .			

### Observacións:

Ó longo do curso poderanse facer actividades complementarias e extraescolares:

- Actividades no medio natural.
- Participación en obradoiros e conferencias.
- Toda actividade que poida xurdir ó longo do curso e que complementen os contidos impartidos.

Non participarán nestas actividades o alumnado, que manifestase reiteradamente unha actitude que o profesor da asignatura considere negativa e comprometedora, para o normal desenrolo da actividade.

Nas actividades extrescolares participarán os alumnos de xeito voluntario.

A realización e participación en actividades complementarias e extraescolares é unha decisión exclusiva de cada profesor do Departamento.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Propoño situacións introductorias previas á unidade que se vai a traballar (traballos, diálogos, lecturas...).
Manteño o interese do alumnado e propicio a participación e implicación persoal de cada alumno ou alumna nas tarefas do curso.
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, o que é mais importante).
Distribúo o tempo adecuadamente: un tempo de exposición e o resto do mesmo para actividades que o alumnado realice na clase.
Comprobo que o alumnado comprendeu a tarefa que deben realizar.
Controlo frecuentemente o traballo do alumnado e reviso e corrixo as actividades propostas.
Atendo adecuadamente á diversidade do alumnado
Nivel de integración e cooperación acadado dentro do grupo.
Valoración de tarefas realizadas, e as necesidades de coordinación entre profesores do departamento.
Cooperación e coordinación co profesorado do centro,
Contouse co apoio e participación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

Para avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente, será necesario que o docente realice unha reflexión, polo que deberá ter documentado no seu caderno toda a información relevante.

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

A partir destes resultados, poderemos avaliar o proceso de ensino e da práctica docente de acordo aos indicadores de logro. Os resultados obtidos teranse en conta no futuro, xa sexa modificando aqueles puntos que resultaron negativos, como potenciando os positivos.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Procedemento para o seguimento do cumprimento da PC e para a avaliación da mesma.

A programación será obxecto de seguimento e valoración durante as reunións de departamento realizadas ao longo do curso, o que quedará anotado nas actas destas sesións.

Cada avaliación revisarase o seguimento adecuado da programación didáctica, sobre todo analizando os resultados obtidos polo alumnado na avaliación.

Ademais ao final do curso realizarase una revisión final que nos permitirá detectar se a PD foi eficaz e os resultados, que quedaran anotados na memoria final de curso, serán utilizados para mellorar a programación de cara ao futuro.

Para o seguimento e valoración da PC teremos en conta os seguintes aspectos:

Hai correspondencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.

O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización previstas.

A secuencia de UDDD foi adecuada

As actividades foron adecuadas para alcanzar os obxectivos establecidos.

As actividades contribuíron a traballar as competencias.

As actividades contribuíron a traballar os elementos transversais.

As actividades complementarias estiveron ben planificadas e resultaron útiles para o alumnado.

As actividades de reforzo e ampliación resultaron adecuadas.

Utilizouse con frecuencia o laboratorio.

Utilizouse con frecuencia a aula de informática.

Contribuíuse aos plans e proxectos do centro.

## **9. Outros apartados**